

Para obter a avaliación positiva débense cumprir simultaneamente as seguintes condicións:

- a) Conseguir un mínimo de 80 puntos como suma de todos os criterios.
- b) Conseguir polo menos 20 puntos no segundo criterio.

Para a avaliación da experiencia investigadora.

No caso da valoración da epígrafe 1 «Actividade investigadora», a achega dun período de actividade investigadora recoñecido de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario, terá unha valoración de 15 puntos.

**17582** *REAL DECRETO 1313/2007, do 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios.* («BOE» 241, do 8-10-2007.)

A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece unha nova definición dos corpos de funcionarios docentes universitarios de catedráticos de universidade e profesores titulares de universidade, así como un novo procedemento de acceso aos citados corpos que require a obtención previa da acreditación a través da regulación contida no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Este real decreto ten por obxecto regular, en desenvolvemento da nova redacción dada ao artigo 62 da citada Lei orgánica de universidades, o réxime dos concursos para o acceso a prazas dos citados corpos docentes universitarios, e aínda que a obtención do certificado de acreditación a que se refire o Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, anteriormente citado, se constitúe como requisito imprescindible para concorrer posteriormente aos concursos de acceso, trátase de dúas regulacións normativas diferenciadas que rompen co sistema ata a data vixente de acceso en dúas fases aos corpos de funcionarios docentes.

Poderase presentar aos concursos de acceso que se regulan nesta norma quen obtívase a acreditación para o corpo de profesores titulares de universidade e para o corpo de catedráticos de universidade, de acordo co establecido, respectivamente, nos artigos 12 e 13 do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Así mesmo, poderanse presentar aos concursos de acceso os profesores e profesoras titulares de escola universitaria que fosen acreditados de conformidade co establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, anteriormente citado, así como os profesores estables ou permanentes dos centros de titularidade pública de ensino superior (INEF), a que se refire a disposición adicional terceira do mesmo real decreto. Igualmente, poderase presentar o profesorado de universidades de Estados membros da Unión Europea, segundo o disposto na disposición adicional cuarta do devandito Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro.

Pola súa vez, quen resultase habilitado ou habilitada conforme o disposto no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos, poderase presentar aos concursos de acceso toda vez que se entenderá que posúen a acreditación regulada no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se

establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Entenderase que os habilitados para catedrático de escola universitaria o están para profesor titular de universidade.

As bases das respectivas convocatorias, así como os estatutos da universidade convocante e demais normas de carácter xeral que resulten de aplicación, determinarán o procedemento polo cal se rexerán os concursos de acceso aos novos corpos de funcionarios docentes universitarios.

As universidades deberán nomear, de acordo cos seus estatutos e garantindo, en todo caso, a necesaria aptitude científica e docente dos seus compoñentes, comisións que xulgarán os concursos de acceso e proporánlle ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos por orde de preferencia para o seu nomeamento. Ademais, a universidade convocante publicará o contido dos currículos dos membros das comisións, de acordo co artigo 57.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

De acordo co establecido nesta norma, o procedemento que debe rexer nos concursos deberá valorar, en todo caso, o historial académico, docente e investigador do candidato ou candidata, o seu proxecto docente e investigador, así como contrastar as súas capacidades para a exposición e debate ante a comisión na correspondente materia ou especialidade en sesión pública.

As comisións proporánlle ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos e candidatas por orde de preferencia para o seu nomeamento, e este procederá aos nomeamentos conforme a proposta realizada. Non obstante, contra as propostas das comisións dos concursos de acceso os concursantes poderán presentar reclamación ante o reitor, de modo que, admitida a trámite a reclamación, se suspenderán os nomeamentos ata a súa resolución.

A Axencia Española de Protección de Datos, a Comisión Superior de Persoal e o Consello de Universidades emitiron informe sobre este real decreto e na súa elaboración foron consultadas as organizacións sindicais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2007,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o réxime dos concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios de profesores titulares de universidade e catedráticos de universidade, establecidos na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidade modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.

### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

Os concursos de acceso aos corpos docentes universitarios a que se refire o artigo anterior rexeranse polas bases das súas respectivas convocatorias, de acordo co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, así como neste real decreto, nos estatutos da universidade convocante e nas demais normas de carácter xeral que resulten de aplicación.

### Artigo 3. *Convocatoria dos concursos de acceso.*

As universidades, de acordo co que establezan os seus estatutos, convocarán concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios que estean dotadas no estado de gastos do seu orzamento. A convocatoria deberá ser publicada no Boletín Oficial del Estado e no da comunidade autónoma. Os prazos para a presentación aos concursos contarán desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

### Artigo 4. *Requisitos dos candidatos.*

Poderase presentar aos concursos de acceso quen fose acreditado ou acreditada de acordo co establecido nos artigos 12 e 13 e disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Así mesmo, poderase presentar aos concursos de acceso quen resultase habilitado ou habilitada conforme o establecido no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos. Pola súa vez, entenderase que os habilitados e habilitadas para catedrático ou catedrática de escola universitaria estano para profesor ou profesora titular de universidade.

### Artigo 5. *Comisións.*

Os concursos de acceso a prazas dos corpos docentes universitarios serán xulgados por comisións, nomeadas de acordo co establecido polos estatutos de cada universidade, que lle proporán ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos por orde de preferencia para o seu nomeamento.

### Artigo 6. *Composición das comisións.*

1. Os estatutos de cada universidade regularán a composición das comisións de selección das prazas convocadas e garantirán, en todo caso, a necesaria aptitude científica e docente dos seus compoñentes.

2. Os membros das comisións pertencerán a un corpo igual, equivalente ou superior ao da praza obxecto do concurso. O profesorado das universidades dos Estados membros da Unión Europea que alcanzase naquelas unha posición equivalente á de catedrático ou catedrática ou de profesor ou profesora titular de universidade poderá formar parte destas comisións sempre que as universidades prevesen esta posibilidade nos seus estatutos.

3. A composición das comisións de selección deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, procurando unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

4. Co fin de garantir a transparencia e obxectividade no nomeamento dos membros das comisións que resolverán os concursos de acceso, a universidade convocante publicará o contido dos currículos dos membros, respecto aos datos recollidos no anexo do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios das comisións, de acordo co artigo 62.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

5. Nos concursos de acceso para ocupar prazas asistenciais de institucións sanitarias vinculadas a prazas docentes dos corpos de profesor titular de universidade e catedrático de universidade, dous dos membros das

comisións, que serán doutores, deberán estar en posesión do título de especialista que se exixa como requisito para concursar á praza, e serán elixidos por sorteo público pola institución sanitaria correspondente, entre o correspondente censo público que anualmente comunicará o Consello de Universidades.

### Artigo 7. *Procedemento dos concursos de acceso.*

1. Os estatutos de cada universidade regularán o procedemento que debe rexer nos concursos, que deberá valorar, en todo caso, o historial académico, docente e investigador do candidato ou candidata, o seu proxecto docente e investigador, así como contrastar as súas capacidades para a exposición e debate ante a comisión na correspondente materia ou especialidade en sesión pública.

2. O proceso poderá concluír coa proposta da comisión de non prover a praza convocada. Contra esta decisión caberá presentar a oportuna reclamación conforme o disposto no artigo 10.

### Artigo 8. *Garantías das probas.*

1. Nos concursos de acceso quedarán garantidos, en todo momento, a igualdade de oportunidades dos aspirantes, o respecto aos principios de mérito e capacidade e o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

2. As universidades garantirán a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade e adoptarán, no procedemento que deba rexer nos concursos, as oportunas medidas de adaptación ás necesidades das persoas con discapacidade.

3. Nos concursos de acceso, as universidades farán pública a composición das comisións, así como os criterios para a adxudicación das prazas. Unha vez realizados, farán públicos os resultados da avaliación de cada candidato ou candidata, desagregada por cada un dos aspectos avaliados.

### Artigo 9. *Proposta de provisión de prazas e nomeamentos.*

1. As comisións que xulguen os concursos de acceso proporánlle ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos e candidatas por orde de preferencia para o seu nomeamento e sen que se poida exceder na proposta o número de prazas convocadas a concurso.

2. O reitor procederá aos nomeamentos conforme a proposta realizada, ordenará a súa inscrición no correspondente rexistro de persoal e a súa publicación no Boletín Oficial del Estado e no da comunidade autónoma, así como a súa comunicación ao Consello de Universidades.

3. No prazo máximo de vinte días, contados desde o día seguinte da publicación do nomeamento, o candidato proposto deberá tomar posesión da súa praza, momento en que adquirirá a condición de funcionario ou funcionaria do corpo docente universitario de que se trate, cos dereitos e deberes que lle son propios.

4. A praza obtida tras o concurso de acceso deberase desempeñar durante dous anos, polo menos, antes de poder participar nun novo concurso para obter unha praza noutra universidade.

### Artigo 10. *Comisións de reclamacións.*

1. Contra as propostas das comisións dos concursos de acceso, os concursantes poderán presentar reclamación ante o reitor, no prazo de dez días. Admitida a trámite a reclamación, suspenderanse os nomeamentos ata a súa resolución. A reclamación será valorada por unha comi-

sión composta por sete catedráticos ou catedráticas de universidade pertencentes a diversos ámbitos do coñecemento, designados na forma que establezan os estatutos, con ampla experiencia docente e investigadora.

A comisión de reclamacións oirá os membros da comisión contra cuxa proposta se presentase a reclamación, e os candidatos que participasen nelas.

Esta comisión examinará o expediente relativo ao concurso para velar polas garantías establecidas e ratificará ou non a proposta reclamada no prazo máximo de tres meses, tras o que o reitor ditará a resolución de acordo coa proposta da comisión. O transcurso do prazo establecido sen resolver entenderase como rexeitamento da reclamación presentada.

2. As resolucións do reitor a que se refire o punto anterior deste artigo esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 11. *Reingresso de excedentes ao servizo activo.*

1. O reingresso ao servizo activo dos funcionarios e funcionarias de corpos docentes universitarios en situación de excedencia voluntaria efectuarase mediante a obtención dunha praza nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios que calquera universidade convoque, de acordo co establecido no artigo 62 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

2. O reingresso poderase efectuar, así mesmo, na universidade a que pertencese o centro universitario de procedencia con anterioridade á excedencia, solicitando do reitor a adscrición provisional a unha praza desta, coa obriga de participar en cantos concursos de acceso convoque a dita universidade para cubrir prazas no seu corpo e área de coñecemento, perdendo a adscrición provisional en caso de non o facer. A adscrición provisional farase na forma e cos efectos que, respectando os principios recoñecidos pola lexislación xeral de funcionarios no caso do reingresso ao servizo activo, determinen os estatutos. Non obstante, o reingresso será automático e definitivo, por solicitude do interesado dirixida á universidade de orixe, sempre que transcorresen, polo menos, dous anos en situación de excedencia, e que non excedesen cinco, e se existe praza vacante do mesmo corpo e área de coñecemento.

#### Disposición transitoria primeira. *Das probas de habilitación e dos concursos de acceso entre habilitados.*

Ata un ano despois da resolución das últimas probas de habilitación convocadas conforme o disposto no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, as universidades poderán decidir a convocatoria de prazas para os corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade mediante concurso de acceso entre habilitados comunicándollo ao Consello de Universidades, todo iso segundo o disposto no artigo 62 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e na súa normativa de desenvolvemento, que, para estes efectos, se considerará vixente, e como se establece na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.

Así mesmo, ás probas de habilitación xa convocadas e pendentas de resolución seralles de aplicación a regulación anterior á entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de universidades.

#### Disposición transitoria segunda. *Dos concursos regulados na disposición adicional segunda da Lei orgánica 4/2007.*

Os concursos a que se refire o número cuarto da disposición adicional segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril rexeranse polo disposto no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos, sen prexuízo do disposto nas disposicións transitorias deste real decreto.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2007

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,  
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

**17583** *ORDE ECI/2908/2007, do 2 de outubro, pola que se regulan as características e a organización do nivel básico das ensinanzas de réxime especial de inglés adaptadas á modalidade de educación a distancia e o currículo respectivo.* («BOE» 241, do 8-10-2007.)

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 59.1 que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizarán nos niveis básico, intermedio e avanzado e que as ensinanzas do nivel básico terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. En desenvolvemento do precepto citado, o Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola lei mencionada e, no seu artigo 2, fixa as exigencias mínimas do nivel básico para efectos de certificación, establece os efectos dos certificados acreditativos da superación dese nivel e determina os requisitos mínimos da documentación académica necesaria para garantir a mobilidade do alumnado respectivo.

O artigo 60.3 da citada lei establece que as administracións educativas poderán integrar nas escolas oficiais de idiomas as ensinanzas de idiomas a distancia, e o artigo 69.3 sinala que corresponde ás administracións educativas organizar unha oferta pública de educación a distancia co fin de dar resposta adecuada á formación permanente das persoas adultas.

Polo Real decreto 1180/1992, do 2 de outubro, creouse o Centro para a Innovación e Desenvolvemento da Educación a Distancia, unha de cuxas funcións é o desenvolvemento dos estudos e propostas técnicas necesarias para